

O Festival Outono Fotográfico, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia convocan o I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA | Obxecto

Promover a fotografía contemporánea e as cuestións éticas que prantexa, en xeral, a arte contemporánea respecto das formas de dominación e a imposición de límites ao pensamento. Promover a creación dun espazo fotográfico en Galicia que complemente o creado durante máis de tres décadas polo Outono Fotográfico mediante o incentivo de propostas de carácter visual-fotográficas por parte de autores/as tanto nacionais como estranxeiros.

Poderá participar calquera autor ou autora que traballe coa fotografía con independencia da súa nacionalidade, tendo en conta que no fallo do xurado pesará de modo especial a súa inserción no discurso da fotografía contemporánea.

SEGUNDA | Premio

O I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA ten un orzamento de 16.000 euros. Concederáse un único premio consistente en:

1. PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN.

Co proxecto fotográfico premiado producirase unha exposición temporal que se inaugurará entre os meses de novembro e decembro de 2013, as características técnicas serán fixadas polo autor e co asesoramento do curador nomeado ao efecto polo Outono Fotográfico.

2. PUBLICACIÓN DE LIBRO

A edición do libro que configure a colección «PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA» e que se distribuirá nas librarías. Ademais, unha selección de fotografías que o curador nomeado polo Festival Outono Fotográfico decida, formará parte do libro do Festival Outono Fotográfico do ano corrente.

ITINERANCIA. A exposición será inaugurada na cidade de Lugo, e itinerará durante 5 anos dentro da programación do Festival Outono Fotográfico e tamén da programación que elabore a tal efecto tanto a Deputación de Lugo como a Xunta de Galicia.

TERCEIRA | *Características do proxecto a presentar*

As/os autoras/es participantes deberán presentar un proxecto fotográfico realizado en calquera data comprendida entre outubro de 2.003 e outubro de 2.013, e que non fora subvencionado ou becado na súa totalidade anteriormente noutro certame, nen editado na súa totalidade en calquera soporte, con enteira liberdade respecto ao tema e á técnica.

CUARTA | *Prazo de presentación, devolución e condicións*

O prazo de presentación das obras será do 23 de xullo de 2013 ao 4 de outubro de 2013.

Os proxectos presentaranse persoalmente, por correo ou por medio de calquera empresa de transporte, de luns a venres, e en horario de 9,00 a 14,00 e de 16.30 a 20 horas en:

DIFUSORA DE LETRAS ARTES E IDEAS

I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA

Rúa Bedoya, 5 – 1º drta.

32004 Ourense

Deberá terse en conta que só se aceptarán aqueles paquetes de Correos (ou calquera outra empresa de mensaxería) coa data límite do 4 de outubro de 2.013 acreditada mediante o resguardo correspondentes ao envío. Asemade, a organización pechará a recepción de paquetes o luns 14 ás 20 horas en razón á demora dos tránsitos internacionais.

Os gastos de envío e retorno, así como os seguros de transporte (no caso de habelos) dos proxectos, correrán por conta do autor ou autora, salvo na devolución do proxecto seleccionado que se fará ao enderezo na dirección indicada no boletín de inscrición.

Os dossieres non seleccionados enviaranse ao seu autor ou autora de volta nos 20 días posteriores a partir do seguinte día do fallo do xurado, sempre e cando teñan enviado no paquete un sobre onde colla toda a documentación, co destinatario debidamente cumprimentado e cos selos que garantan a volta xa pegados.

No caso de non introducir o sobre e os selos no paquete a organización entenderá que o autor ou autora declina a súa devolución, polo que quedará en propiedade da organización do PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA.

A organización non se responsabilizará das perdas ou danos causados durante o envío ou recepción. O/A concursante poderá contratar, pola súa conta, un seguro que ampare os riscos aludidos anteriormente.

QUINTA | *Documentación a presentar*

A. O Proxecto:

- 1.** Os/as autores participantes deberán entregar un dossier onde se debulle un proxecto fotográfico que teña por obxectivo culminar nunha exposición e un libro. Este dossier non terá unha extensión maior a 5 folios e presentarse en papel por duplicado e en CD.

2. Ficha técnica do proxecto fotográfico na que se inclúa o título do proxecto, sinopse do proxecto de non máis de 10 liñas, técnica, soportes, e calquera outro apuntamento relevante que defina ao proxecto. Presentaranse tamén dúas copias en papel e unha no mesmo CD. Atópase ao final das presentes Bases (colgadas en www.otonofotografico.com)

3. Un portfolio con non menos de 15 imaxes do proxecto, onde se poderán facer breves apuntamentos a modo de pé de foto que vallan de aclaración ao xurado. As imaxes non superarán o tamaño de 20x30 cm. Dito portfolio presentarase tanto en formato dixital con 300 dpi e en JPG (comprimido en calidade boa), como en formato impreso.

4. Un segundo portfolio de non menos de dez imaxes de traballos anteriores, nun tamaño non superior a 20x30 cm. Dito portfolio presentarase só en formato dixital no mesmo CD con 300 dpi e en JPG (comprimido en calidade alta).

B. Asemade e, inescusablemente en sobre pechado, a seguinte documentación nesta orde:

1. Impreso de participación debidamente cumprimentado e firmado que se atopa ao final das presentes Bases (colgadas en www.otonofotografico.com).

2. Fotocopia do D.N.I., ou Pasaporte.

3. Currículo da/o autor/a.

Non se considerará documentación presentada aquela enviada a través de e-mail.

Para calquera consulta ou aclaración poden dirixirse a:

- festival@otonofotografico.com

- www.otonofotografico.com

SEXTA | Composición do Xurado

O Xurado reunirse o 16 de outubro de 2013 e estará composto por:

1 persoa que nomee a Deputación de Lugo

1 persoa que nomee a Xunta de Galicia

Director do Outono Fotográfico

Curador que nomee o Outono Fotográfico

Galerista especializado en fotografía

Curador independente con experiencia no mundo da fotografía

Fotógrafo

Actuará como Secretario con voz e sen voto, un funcionario/a de calquera das administracións patrocinadoras.

SÉTIMA | Proceso de selección de obras e publicidade do fallo

O Xurado fará a selección de tres proxectos, que serán os finalistas. Os nomes dos autores ou

autoras publicaranse o 16 de outubro en www.outonofotografico.com e nas redes sociais do festival. A selección realizarase atendendo á linguaxe visual do autor ou da autora, á calidade fotográfica, á contemporaneidade.

48 horas despois o xurado elixirá ao gañador ou gañadora de entre os finalistas, e o seu nome será publicado nas mesmas canles citadas máis arriba.

O fallo do Xurado será inapelable, podendo este declarar deserto o premio. A organización só contactará directamente co autor ou autora gañador/a. Unha vez comunicado o fallo ao gañador/a entregaráselle as presentes bases firmadas pola organización que servirán de contrato para que esta cumpra o que nelas se compromete.

OITAVA | Realización do proxecto

O gañador/a comprométese á entrega do conxunto de imaxes, textos ou obxectos que conformen o seu proxecto antes do día 23 de outubro de 2013. A organización poderá poñerse en contacto co gañador ou gañadora para supervisar o traballo realizado. O Festival Outono Fotográfico designará unha persoa que apoie ou titorice o proxecto gañador, así como un comisario para a exposición resultante. O Festival poderá solicitar ao gañador/a material adicional para incluír no libro a editar.

NOVENA | Exposición e edición do libro

A exposición producirase logo de ter entregado o traballo e até o 15 de novembro. O 26 de novembro rematarase a edición e impresión do libro, de xeito que ámbolos dous estean listos para a inauguración da exposición, o 28 de novembro, dentro do marco do Festival Outono Fotográfico. A mostra inaugurarase no Museo Provincial de Lugo o 28 de novembro de 2013 e clausurarase logo de ter pasado o Nadal. A exposición itinerará durante cinco anos dentro da programación do Festival Outono Fotográfico en diferentes localidades.

O libro editado distribuirase polas librarías. Ademais ao autor ou autora entregaráselle 100 exemplares.

DÉCIMA | Garantes

As fotógrafas e fotógrafos son legalmente responsables de garantir que cumpren cos requisitos do I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA en canto a propiedade en sentido estrito e intelectual. As inscricións que non satisfagan estes criterios non se poderán seleccionar e serán sacadas do concurso.

Ao aceptar participar no I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, os autores e autoras:

- 1.** Garanten que son os propietarios do traballo que presentan, que posúen ou que lles está conferida na súa totalidade a propiedade intelectual e que se o traballo foi encargado con fins privados e domésticos posúe a autorización da persoa ou entidade pública ou privada que o encargou.

- 2.** Garanten que obtiveron a correspondente autorización das persoas que figuran nas fotografías presentadas respecto á súa exhibición e reprodución. Os fotógrafos e fotógrafas deben, se así se lles pide, ser quen de presentar unha autorización firmada das persoas que figuran nas fotografías por eles/as presentadas.
- 3.** Aceptan que a parte do seu traballo que pasa a formar parte do acervo do Festival Outono Fotográfico (punto 10.8 destas bases) poida ser posteriormente aos cinco anos de itinerancia en calquera outro lugar de exposición promovido polos organizadores.
- 4.** Aceptan que a organización poida reproducir e/ou licenzar a reprodución de calquera das imaxes ou textos que formen parte do proxecto premiado no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, sen que leve parello ningún pago ao fotógrafo/a ou a modelo algún pola utilización con fins culturais e educativos e tamén os relativos á difusión do Premio, en calquera medio de ámbito mundial, engadidos catálogos e Internet.
- 5.** A propiedade intelectual das fotografías seleccionadas será mantida en todo momento pola fotógrafa ou fotógrafo e sempre que se use unha imaxe a autoría da mesma será atribuída ao autor/a.
- 6.** Nos 5 anos que a exposición estea itinerando, o autor/a ten dereito a solicitala e dispor dela, sempre e cando estea libre e se encargue dos transportes e seguros da mesma.
- 7.** O libro editarase en Difusora de Letras, Artes e Ideas, a que non retribuirá ningún importe ao autor pola publicación e xestión da publicación. A ratio de venda que correspondería ao autor ou autora repercutirá no Premio Galicia de Fotografía Contemporánea do seguinte ano e non no autor ou autora. Farase unha soa edición de 1.000 exemplares. O Festival Outono Fotográfico reservase o dereito á reedición que, chegado o caso, se negociará co autor ou autora.
- 8.** A exposición producida será propiedade do autor ou autora premiada salvo un duplicado da obra ou obras seleccionadas polo xurado e que pasará a formar parte do fondo fotográfico do Festival Outono Fotográfico.

UNDÉCIMA | Aceptación das Bases

A participación no I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA supón a plena aceptación das presentes bases e, no previsto nas mesmas, estarase ao que dictamine o Xurado, que terá un fallo inapelable.

I PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA

Impreso de participación

DATOS PERSOAIS

NOME ARTÍSTICO

NOME E APELIDOS

ENDEREZO

POBOACIÓN C.P.

PROVINCIA/ESTADO PAIS

TELÉFONO E-MAIL

NACIONALIDADE

D.N.I. / TARXETA DE RESIDENTE/ PASAPORTE nº

DATOS DO PROXECTO PRESENTADO

TÍTULO

SINOPSE [copia da sinopse da ficha técnica]

[illegible]